



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

PLAN ESTRATÉXICO 23/27

O presente plan formúlase cunha temporalidade de **5 anos**, se ben os rápidos cambios de contexto fan necesaria unha **revisión profunda na metade do período**.

Formúlase de acordo coa misión, visión, valores e código de conduta da Coordinadora Galega de ONGDs e segundo o Código de conduta da Coordinadora de ONGD España

MISIÓN

Somos unha plataforma social e política de ONG de Desenvolvemento comprometidas coa consecución da xustiza social e o fin das desigualdades globais que traballan dende Galicia para construír un modelo de cooperación transformadora baseado no desenvolvemento sustentable e no enfoque feminista e de dereitos humanos.

VISIÓN

Queremos ser unha organización formada pola gran maioría das Organizacións da Sociedade Civil que desde Galicia traballan activamente pola promoción e garantía dos dereitos sociais, políticos, civís, económicos e culturais de todas as persoas a nivel global. E confiamos na consolidación dunha Política Pública e Social de Cooperación de calidade, eficiente, sostible e transformadora no marco da coherencia de políticas. A nosa visión é a dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 23/27

1) Establecer alianzas con movementos sociais: trasladar a nosa axenda e sumarnos ás súas causas

Trátase de **identificar causas comúns**, vinculadas ao feminismo, á ecoloxía, ás migracións, á cultura de paz ou á defensa dos dereitos humanos e traballar en alianza con outros movementos sociais de Galicia ou mesmo de carácter internacional, europeo ou en terreo. Isto significa tamén mudar a estratexia de comunicación, que debe ser **comunicación de causa**.

Este obxectivo busca gañar en reputación social e autoridade comunicativa, á vez que conectar de xeito máis forte coa sociedade e, en particular, coa xente máis nova.

2) Consolidar a interlocución coa Administración Pública

Trátase de non perder a comunicación e capacidade de acordo con Cooperación, procurando a **modernización da cooperación galega** e **afondando nas actuais reivindicacións** vinculadas ás axudas para fortalecemento, ás axudas plurianuais, máis fondos para a Educación Para a Cidadanía Glocal, máis fondos para Cooperación, menos burocracia e outras.

Doutra parte, considérase necesario ter unha **interlocución directa cos departamentos autonómicos de Educación e Igualdade** e con algunhas **Administracións Locais** de Galicia.

3) Consolidar o rol de abrigo ás entidades, nomeadamente ás menos fortalecidas

Trátase de manter un rol de **apoio ás entidades menos fortalecidas**, que reforce as súas capacidades técnicas, alente a cooperación con outras organizacións e siga a dar respaldo para combater as súas debilidades e afrontar os seus retos.

PLAN DE ACCIÓN **Obxectivo 1**

Establecer alianzas con movementos sociais: trasladar a nosa axenda e sumarnos ás súas causas

Este obxectivo aglutina diferentes metas.

1) De xeito principal e operativo, trátase de **involucrarse con outras organizacións afíns en causas comúns**:

- a) identificar unha causa común (ou varias) vinculada ao feminismo, á ecoloxía, ás migracións, á cultura de paz e á defensa dos dereitos humanos e
- b) traballar esta causa ou causas involucrándonos como coordinadora de forma activa
- c) en alianza con outros movementos sociais e redes afíns, que poden ser galegas ou tamén de carácter internacional, europeas ou en terreo.

2) Isto significa tamén mudar a estratexia de comunicación, que debe ser **comunicación de causa**. Trátase de visibilizar e comunicar as loitas, no canto de falar de nós como organización.

3) Este obxectivo contén tamén o propósito de **gañar en reputación social e autoridade comunicativa** como sector. Acadar unha boa reputación e ser un referente informativo sobre as temáticas nas que traballamos nos diferentes países.

4) E, finalmente, contén a meta de **conectar de xeito máis forte** coa sociedade e, en particular, **coa xente máis nova**. Con este traballo en alianza en torno a causas comúns búscase acadar unha maior participación da xente nova no sector, entendendo que poden coñecer o noso traballo de xeito activo e pode resultarlles máis atractivo que as canles de participación actuais.

Este obxectivo representa un esforzo de cambio e “actualización” do sector. Ábrese a espazos e metodoloxías novas para a coordinadora e, en consecuencia, tradúcese en propostas de acción que deben entenderse na lóxica do ensaio-erro e así mesmo deben contar cun seguimento estreito que permita incorporar axustes e reformulacións. Proponse unha revisión anual.

Algúns destes cambios teñen que ver con:

- **Incorporar lóxicas de movemento social**, abertas e en moitas ocasións “desbordantes” respecto do marco lóxico e outras metodoloxías de traballo que nos son máis propias.
- **Desenvolver o rol activista** fronte aos roles máis profesionais.
- Incorporar **formas innovadoras de traballar**: existe un salto xeracional e cómpre abrírnos a novas formas de artellar movementos e redes, coma a de Fridays for future e semellantes.

LIÑAS DE ACCIÓN

1. 1. IDENTIFICAR OS MOVEMENTOS, ORGANIZACIÓNS E CAUSAS NAS QUE TRABALLAR EN ALIANZA

Sondear movementos e organizacións que poidan ser afíns nos ámbitos do feminismo, a ecoloxía e a defensa de dereitos humanos (por exemplo, vinculadas á pobreza) e identificar causas que poden ser aglutinantes e nas que a Coordinadora pode facer a súa achega significativa.

As organizacións coas que se colabore teñen que ter unha aproximación acorde aos principios e valores da coordinadora: por exemplo, ter enfoque de dereitos e non asistencialista e ter como obxectivo facer incidencia política, entre outras a determinar. Cómpre ir establecendo o perfil de movemento ou de rede coa que traballar.

Para identificar os movementos, organizacións e causas nas que traballar en alianza, cómpre dar tres pasos:

- a) Coñecer e poñer en común as relacións que xa manteñen as organizacións que son parte da coordinadora. Comezar sabendo con quen xa estamos en contacto e como funcionamos.
- b) Identificar causas emerxentes nestes ámbitos. Prioritariamente causas centradas en temáticas que se estean a traballar tamén na cooperación, para favorecer o intercambio. Tamén causas que estean na axenda da Coordinadora, para poder facer achegas máis relevantes sen dispersarnos.
- c) Seleccionar anualmente en Galicia unha causa e unha rede de organizacións para levala adiante conxuntamente. Esta selección debe tomar en conta e ir en liña cos obxectivos de incidencia política da Coordinadora, para non dispersar esforzos.

Unha vez identificadas, cómpre formar un **grupo motor** con persoas clave que teñan representatividade nos espazos aos que nos queremos achegar, para traballar con elas a definición e a pilotaxe dos pasos seguintes, desde un modelo participativo.

1.2. LEVAR ADIANTE UNHA CAMPAÑA OU CAUSA CADA ANO

Construír unha **relación de confianza** con **3 movementos ou plataformas que nos interesen de Galicia**. Cada unha nunha temática, que debemos priorizar. Unha vinculada ao feminismo, outra ao medio ambiente e outra nalgún dos ámbitos de dereitos humanos, coma pode ser a pobreza (sexa pobreza enerxética, acceso a recursos básicos ou outros ámbitos coincidentes co noso traballo de cooperación noutros países).

Propónse comezar cunha temática que sexa aglutinadora e motivadora cara o noso sector e tamén cara fóra, como pode ser a axenda feminista. O feminismo é un eixo de traballo central na coordinadora e nos proxectos das organizacións, polo que o movemento feminista debe identificarnos claramente como aliadas. En todo caso, cómpre identificar unha listaxe de temas no que todas as organizacións da coordinadora poidan sentirse implicadas.

Non se trata de integrarse en organizacións de segundo ou ulterior nivel, senón de sumarnos a causas ou campañas en moitos casos levadas adiante por movementos con menor grao de formalización, con estruturas menos sólidas, pero nos que podemos facer achegas.

1.2.1. DESENVOLVER TRES CAMPAÑAS

Traballar en torno a campañas de comunicación e incidencia, que son as que lle dan concreción á colaboración: **unha campaña anual** vinculada a algunha das temáticas formuladas. Que sexa continua no tempo, con profundidade e que faga vínculo cos activismos doutras partes do mundo cos que traballamos. Priorizar aquelas campañas que xa estean a darse nos territorios.

Poñer a disposición da causa diferentes recursos da Coordinadora: saberes técnicos, formación, apoio na comunicación, activismo e outros que se consideren precisos.

Ademais dos posibles apoios técnicos, considérase central o compromiso de traballo voluntario que se ten que poñer a disposición da causa común por parte do sector da cooperación. E, xunto con isto, incorporar o propósito de dar cabida a xente nova. É importante promover que sexan as persoas máis novas das nosas organizacións quen participen e non as persoas que xa teñen traxectoria noutro tipo de papeis dentro das organizacións, como pode ser por exemplo o persoal técnico.

Tanto a dispoñibilidade de compromiso voluntario como a participación de xente nova están identificadas como debilidades na coordinadora. Por iso, para facer viable esta proposta, deben abordarse mecanismos de dinamización deste voluntariado e da participación da mocidade, que recolleamos a continuación como accións específicas contidas nesta liña.

1.2.2. XORNADAS E ENCONTROS FORMATIVOS DE ACTIVISMO

Enfocada á temática e á causa concreta, trátase de organizar xornadas formativas e de debate abertas a posibles persoas interesadas de dentro e fóra do sector. Deben concibirse como espazos de formación-acción, con convocatorias abertas. O itinerario formativo contempla canles para que unha parte das persoas participantes se vincule á causa de xeito voluntario. Debe haber, polo tanto, unha relación estreita entre os contidos das xornadas e encontros e a acción ou causa concreta sobre a que se estea a traballar.

Estes espazos formativos e de debate son propicios para poñer en contacto a movementos de diferentes países que traballan en causas comúns, favorecendo o intercambio de saberes e o apoio mutuo.

1.2.3. ENCONTRO DE ACTIVISMO DA XENTE NOVA

En liña co obxectivo de achegarse á xente nova, fórmase a necesidade de abrir unha xornada específica para a mocidade, que permita reflexionar sobre o seu activismo e as formas de participación coas que se senten máis identificadas e identificados. Que permita á Coordinadora coñecer mellor as inquedanzas e xeitos de facer das e dos activistas de menos idade.

Que permita aprender dos xeitos de facer de movementos de novo cuño, protagonizados pola xente nova.

No que se poñan os recursos da coordinadora a disposición das e dos participantes.

1.3. FACER INCIDENCIA SOCIAL, PRIORIZANDO A COMUNICACIÓN DE CAUSA

Facilitar á cidadanía o acceso a información sobre as causas nas que traballa a coordinadora: na web, redes e relación con medios de comunicación.

Isto implica tarefas concretas como actualizar o contido estático e dinámico da web de forma periódica, actualizar a estrutura da web consonte á nova orientación da comunicación e seguir a traballar sobre o posicionamento SEO da web, a actualización da base de datos de medios, a calendarización dos principais temas sobre os que queremos falar ao longo do ano, o posicionamento das redes sociais da Coordinadora como canles de comunicación referentes en cooperación ao desenvolvemento en Galicia ou a difusión da Memoria de actividades e outras actuacións de rendición de contas, incluída a promoción da Ferramenta de Transparencia e o Bo goberno e do cumprimento do Código de Conduta nas ONGD socias e na Coordinadora.

Incorporar estas competencias no equipo técnico da Coordinadora, de xeito que poida asumir o deseño da campaña. Encargarse, como coordinadora, de facilitar os materiais.

Para facer esta comunicación de causa cómpre apoiarse no traballo en rede coa Coordinadora estatal e tamén, con carácter interno, co traballo en rede entre as entidades socias. Nesta mesma liña, considérase necesario manter a atención a posibles novas entidades socias que potencialmente podan sumarse á Coordinadora.

PLAN DE ACCIÓN **Obxectivo 2**

Consolidar a interlocución coa Administración Pública

Trátase de manter a comunicación e a capacidade de acordo co departamento autonómico de Cooperación, para **incidir na modernización da cooperación galega e afondar nas actuais reivindicacións** vinculadas ás axudas para fortalecemento, ás axudas plurianuais, máis fondos para a Educación Para a Cidadanía Glocal, menos burocracia e medidas de intermediación para voluntariado (axencia de voluntariado). Manter a reivindicación de incrementar os fondos de axuda ao desenvolvemento, promover a cooperación con enfoque feminista e o apoio e protección a persoas defensoras de dereitos humanos.

Doutra parte, considérase necesario ter unha interlocución directa cos **departamentos autonómicos de Educación e Igualdade** e con algunhas das **Administracións Locais**.

Como criterios xerais deste traballo, achéganse os seguintes:

- Formular peticións concretas con prazos establecidos, para que non se dilúan.
- Interlocución asignada a persoas concretas para crear unha relación de confianza: dúas por cada enlace, para non sobrecargar e evitar personalismos.
- Ter presentes as motivacións das Administracións e poñer en valor en que aspectos as nosas propostas lles benefician.

LIÑAS DE ACCIÓN

2.1. FACER ACHEGAS E INCIDENCIA PARA MODERNIZAR O ENFOQUE DA COOPERACIÓN GALEGA

Cooperación da Xunta de Galicia é a Administración Pública máis relevante para o sector, polo que **a interlocución con este departamento é prioritaria**.

Trátase de dar continuidade ao traballo de análise, reflexión, elaboración de informes e calquera outro que axude a modernizar o enfoque da cooperación galega.

- Reducir a carga burocrática
- Recuperar ás axudas para fortalecemento
- Recuperar as axudas para micro-proxectos e outras que sirvan de apoio ás organizacións pequenas
- Promover o carácter plurianual das axudas, para adecualas aos tempos dos proxectos
- Incrementar os fondos para a Educación Para a Cidadanía Global
- Incrementar os fondos de axuda ao desenvolvemento
- Promover a cooperación con enfoque feminista e con enfoque decolonial
- Promover liñas de apoio e protección a persoas defensoras de dereitos humanos

2.2. INTERLOCUCIÓN COA ADMINISTRACIÓN LOCAL, PARA IMPULSO DAS POLÍTICAS DE COOPERACIÓN

Os esforzos realizados neste eido foron moi altos en relación aos resultados acadados: algunhas cidades e deputacións sacaron convocatorias, pero con compromiso irregular e deficiencias técnicas.

A pesar disto, considérase importante **impulsar as políticas de cooperación neste nivel máis próximo á cidadanía** e valórase como unha boa oportunidade para as organizacións menos fortalecidas, tanto por financiar pequenos proxectos como pola visibilización do seu traballo cara á cidadanía.

Para equilibrar o esforzo cos resultados esperados, fórmulanse dúas liñas e traballo.

2.2.1. INFORME DAS POLÍTICAS LOCAIS DE COOPERACIÓN

A Coordinadora, recollendo as achegas das entidades socias, recolle información sobre **o funcionamento de cada Administración**, divulga os bos exemplos e anima a incorporar melloras.

Ofrécelles **asesoramento**, para mellorar as súas políticas e para que os fondos de cooperación se entendan como un deber de toda Administración.

2.2.2. GRUPOS LOCAIS DE INCIDENCIA

Establécese unha liña de traballo de interlocución cun **número reducido de entidades locais**, por exemplo con tres cidades e dúas deputacións.

Esta interlocución en nome da Coordinadora, é **liderada por organizacións locais**. Polo tanto, para traballar nun nivel local, requírese do compromiso de entidades que traballen nese territorio. A Coordinadora asume un esforzo na dinamización e promoción destes grupos, por exemplo, nas súas reunións.

Propónse facer unha campaña de comunicación interna para dinamizar e informar aos grupos locais sobre as responsabilidades e tarefas destes grupos e informar do apoio técnico que poden recibir da coordinadora. Para isto cómpre facer un proceso de reflexión e definición interno.

Estes grupos **promoven as políticas de cooperación e a coherencia de políticas**, así como os foros, consellos e outros espazos de participación sobre o tema.

2.3. ESTABLECER INTERLOCUCIÓN CON EDUCACIÓN E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

As ONGDs representadas pola coordinadora están a facer un traballo significativo no eido da educación para a cidadanía global e no eido do feminismo, polo que se considera relevante establecer interlocución e posibles liñas de colaboración cos departamentos de Educación e Igualdade da Xunta de Galicia. Cómpre dispoñer dun directorio actualizado das persoas clave en ambos departamentos.

No ámbito da Educación, fórmulase a conveniencia de facer esta **interlocución desde a comisión de educación da coordinadora**, partindo dos contactos e liñas de traballo que xa hai.

Proponse celebrar **xornadas ou presentacións** que permitan dar a coñecer o traballo educativo das ONGDs, convidando aos medios de comunicación. Neste mesmo sentido, proponse promover o coñecemento directo dos proxectos por parte de altos cargos políticos, ben con visitas directas, ben a través dalgún evento de visibilización.

Na interlocución coa Consellería de Educación fórmulanse dous resultados concretos a perseguir: a **análise das necesidades** das ONGDs no ámbito da Educación para a Cidadanía Global e o impulso dunha **convocatoria** desde a Consellería de Educación.

No ámbito da igualdade, fórmulanse dúas liñas de proposta de colaboración:

a) Desenvolver a **cooperación ao desenvolvemento contida no Pacto conta a violencia de xénero** e b) Colaborar na **protección de mulleres defensoras de dereitos**.

Para o contacto con novos departamentos, pódense abordar temas da CGONGD en xornadas que sexan de interese para persoal da entidade á que nos acheguemos.

PLAN DE ACCIÓN **Obxectivo 3**

Consolidar o rol de abrigo ás entidades, nomeadamente ás menos fortalecidas

Trátase de manter un rol de apoio ás entidades menos fortalecidas, que reforce as súas **capacidades técnicas**, alente a **cooperación con outras organizacións** e siga a dar respaldo para combater as súas debilidades e superar os seus retos.

LIÑAS DE ACCIÓN

3.1. COÑECER DE XEITO ACTUALIZADO AS NECESIDADES DAS ENTIDADES MENOS FORTALECIDAS

Contar cun sistema de información que permita coñecer de forma actualizada as necesidades destas entidades. Para iso fórmulase a necesidade dunha **diagnose de partida e un sondeo periódico**. Esta diagnose actualizada ofrecerá información sobre a súa situación, retos, necesidades e avances.

Prestará atención á cultura de coidados na organización: revisando o modelo organizativo, acosado pola precarización do sector.

3.2. ENCONTRO ANUAL DAS ENTIDADES PEQUENAS

Alentar a participación das entidades a través dun **evento anual presencial** coas ONGDs menos fortalecidas. Para a súa organización, cómpre ter en conta os horarios máis facilitadores da participación do persoal voluntario, así como a dotación de medios e recursos para o desprazamento e outros posibles gastos.

O encontro pode ser itinerante, desenvolvéndose en distintas localidades cada ano.

3.3. INVOLUCRAR ÁS ENTIDADES PEQUENAS PARA LEVAR ADIANTE AS SÚAS DEMANDAS

Crear un grupo de traballo que sexa quen de funcionar como **grupo motor** das liñas de traballo vinculadas a este obxectivo estratéxico.

Crear unha vogalía na directiva, ben sexa permanente, ben sexa cando se van abordar temas de interese específico para estas entidades, para que estean representadas e teñan unha **persoa de referencia para canalizar as súas demandas**.

3.4. FORMALIZAR CANLES DE APOIO

Establecer **canles de apoio, individuais e en grupo**, en formatos como:

- titorías ou asesoramento individualizado en horario de oficina
- información sobre novidades que afectan ás ONGDs
- apoio para enfrontarse aos formularios (lecturas compartidas, formación)
- apoio nas webs e para ter alcance na comunicación
- intermediación para apoio mutuo, que permita aproveitar e compartir os coñecementos expertos de cada unha
- formacións propias ou alleas, que poden ser grabadas e reutilizadas.

Estas canles non necesariamente teñen que ser exclusivas das ONGDs menos fortalecidas, se ben son ela as prioritarias nesta liña.

INDICADORES Obxectivo 1

**Establecer alianzas con movementos sociais:
trasladar a nosa axenda e sumarnos ás súas causas**

1.1. IDENTIFICAR OS MOVEMENTOS, ORGANIZACIÓNS E CAUSAS NAS QUE TRABALLAR EN ALIANZA

- Valoración das entidades: Séntenos coma colaboradoras. Teñen confianza para traballar con nós e nós con elas. A súa incidencia política vese reforzada pola colaboración. A nosa incidencia política vese reforzada pola colaboración. Desexan manter a alianza a medio e longo prazo.
- As causas e accións nas que colaboramos están aliñadas cos obxectivos e temáticas da Coordinadora.
- As organizacións coas que colaboramos teñen unha participación activa no deseño e pilotaxe das campañas.

1.2. LEVAR ADIANTE UNHA CAMPAÑA OU CAUSA CADA ANO

- Realización de 3 campañas ou causas no período de vixencia deste plan.

1.2.1. DESENVOLVER TRES CAMPAÑAS

- Alcance social e comunicativo das campañas de comunicación de causa.
- Número significativo e perfil diverso das organizacións implicadas: galegas, internacionais, de países nos que se traballa en cooperación.
- Número significativo e perfil diverso das persoas implicadas.

1.2.2. XORNADAS E ENCONTROS FORMATIVOS DE ACTIVISMO

- A participación activa das organizacións da coordinadora medra: máis persoas comprometidas nestes procesos.
- Acádase unha maior participación de persoas voluntarias (e non só de persoal contratado).
- Número de oportunidades e calidade do intercambio de saberes e informacións entre diferentes organizacións de diferentes países en torno a unha mesma causa.
- Aprendizaxes positivas que reforzan as capacidades das persoas, das organizacións e da Coordinadora.

1.2.3. ENCONTRO DE ACTIVISMO DA XENTE NOVA

- Incrementase a participación activa de persoas novas nas iniciativas e espazos da Coordinadora.
- Incorpóranse metodoloxías e forma de facer coas que a xente nova se sente máis identificada.

1.3. FACER INCIDENCIA SOCIAL, PRIORIZANDO A COMUNICACIÓN DE CAUSA

- Indicadores de alcance comunicativo da web e redes sociais.

INDICADORES **Obxectivo 2**

Consolidar a interlocución coa Administración Pública

2.1. FACER ACHEGAS E INCIDENCIA PARA MODERNIZAR O ENFOQUE DA COOPERACIÓN GALEGA

- Reducida a carga burocrática das convocatorias
- Convocatorias de axuda para fortalecemento
- Convocatorias de axuda para micro-proxectos
- Carácter plurianual das axudas
- Liñas de apoio e protección a persoas defensoras de dereitos humanos
- Incrementados os fondos para a Educación Para a Cidadanía Global
- Incrementados os fondos de axuda ao desenvolvemento
- Avances no enfoque ecoloxista, feminista e decolonial

2.2. INTERLOCUCIÓN COA ADMINISTRACIÓN LOCAL, PARA IMPULSO DAS POLÍTICAS DE COOPERACIÓN

2.2.1. INFORME DAS POLÍTICAS LOCAIS DE COOPERACIÓN

- Incidencia mediática do informe
- Melloras incorporadas polas administracións

2.2.2. GRUPOS LOCAIS DE INCIDENCIA

- Estabilidade das convocatorias de axudas da cooperación local e adaptación das súas condicións ao traballo das ONGD (cando menos en 3 entidades locais)

2.3. ESTABLECER INTERLOCUCIÓN CON EDUCACIÓN E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

- Incrementada a actividade do sector en Educación para a Cidadanía Global, pola vía do apoio de Educación.
- Incrementada a actividade do sector en cooperación ao desenvolvemento relacionada co pacto conta a violencia de xénero e d protección de mulleres defensoras de dereitos, pola vía do apoio de Igualdade.

INDICADORES Obxectivo 3

Consolidar o rol de abrigo ás entidades, nomeadamente ás menos fortalecidas

3.1. COÑECER DE XEITO ACTUALIZADO AS NECESIDADES DAS ENTIDADES MENOS FORTALECIDAS

- Realizada unha diagnose e priorización de necesidades
- Actualizada bianualmente

3.2. ENCONTRO ANUAL DAS ENTIDADES PEQUENAS

- Número e perfil de entidades e persoas participantes no encontro
- Valoración en termos de coñecemento mutuo e de incidencia no fortalecemento das entidades.

3.3. INVOLUCRAR ÁS ENTIDADES PEQUENAS PARA LEVAR ADIANTE AS SÚAS DEMANDAS

- Incremento da participación e das consultas a entidades pequenas
- Normalizada a súa participación protagonista nos temas do seu interese específico
- Avances na cultura dos cidadáns ao interior das ONGDs

3.4. FORMALIZAR CANLES DE APOIO

- Valoración do apoio da coordinadora por parte das entidades socias, nomeadamente das menos fortalecidas

ORZAMENTO_Plan estratéxico 23/27

975.000 euros

Para desenvolver este plan estratéxico, estímase necesario un orzamento de 195.000 euros anuais. Para un período de vixencia de 5 anos, o importe total é de 975.000 euros.

O **importe anual** previsto é de **195.000 euros**.

A Coordinadora Galega de ONGDs fai seus os criterios para a obtención de fondos recollidos no Código ético da Plataforma de ONGs de acción social, a saber:

- Comprométese coa integridade, evitando calquera forma de corrupción e cumprindo coa normativa antisoborno e anticorrupción aplicable.
- Non utiliza información enganosa ou falseada co obxectivo de obter subvencións ou calquera outro tipo de axudas ou vantaxes.
- As persoas da Plataforma deben asegurar que as axudas públicas, as subvencións e outros fondos destínanse en exclusiva e de xeito dilixente ao fin para o que foron concedidos.
- Na actividade de obtención de fondos actuarase sempre con equidade, honestidade, integridade e franqueza.
- As accións dirixidas á obtención de fondos axustaranse en todo momento aos principios e valores da Coordinadora e ás leis e regulamentos aplicables.
- A Coordinadora será responsable ante aqueles de quen recibe fondos, e non utilizará mensaxes ou ilustracións que comprometan dalgunha maneira a dignidade de ningunha persoa.
- As persoas doantes teñen dereito a recibir unha información completa e oportuna sobre a maneira en que se utilizan os seus fondos.
- Todos os fondos que se recaden destinaranse á finalidade para a cal se obtiveron, dentro dun prazo razoable.
- Utilizarase o método de contabilidade aplicado pola organización para contabilizar as doazóns e controlalas.
- Periodicamente poranse a disposición das persoas doantes e do público en xeral informes exactos nos que constarán as sumas recadadas, a maneira en que se gastaron e a proporción neta utilizada para a finalidade ou causa.

DIAGNOSE

As organizacións membro da Coordinadora, a través da súa participación nunha sesión grupal no mes de xullo e de diferentes entrevistas no mes de outubro, destacan os seguintes elementos principais no contexto actual das ONGDs e na perspectiva cara aos próximos anos.

TENDENCIAS E PROSPECTIVA

CONFLICTOS ARMADOS E CRISE

Falta de subministros / Inflación

AUTORITARISMO

Persecución da sociedade civil
Censura á comunicación

AVANCE MOVEMENTOS

Feminismo / Sustentabilidade

RADICALISMO DE DEREITAS

Retroceso en conquistas: defensa do obvio
Rebeldeía = ultradereita

NOVOS MARCOS

Normativos / Plan Director / Plan Coordinadora

DIXITALIZACIÓN

Contactos on-line / Eficiencia procesos
Cambios nos paradigmas de xestión e comunicación

DEMOGRAFÍA DO SECTOR

Envellecemento das bases sociais
Feminización e liderado feminino

AMEAZAS

CONTEXTO GLOBAL

Máis peso da seguridade (armas) e menos da cooperación
Persecución á sociedade civil e autoritarismo
Dificultades para desenvolver proxectos e para comunicar
Recortes (economía de guerra)
Dificultades de loxística e abastecemento
Flutuación de prezos e necesaria flexibilidade para os proxectos

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Hiperburocratización
Posible recorte de fondos
Dificultade de financiamento: non hai convocatoria de fortalecemento

CONCIENCIA SOCIAL

Pouca sensibilización sobre os procesos de desenvolvemento
Pouca sensibilización sobre o sentido de "gastar" en lugares lonxanos
Discursos políticos polarizados
Tecnoloxía desmobilizadora
Falta de autoridade mediática das ONGDs
Desconfía respecto das ONGDs
Crisis humanitarias esquecidas: crónicas nalgúns países

OPORTUNIDADES

PARTICIPACIÓN

A COVID trouxo máis posibilidades de participar e de maior participación das contrapartes
A COVID reforzou a visión de que somos cidadanía global
Novas xeracións máis comprometidas co cambio social e o medio ambiente
Explosión da demanda para facer voluntariado

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A LOMLOE reforza a educación en valores
Novo Plan Director e lei, nas que participamos
Financiamento europeo

CONTEXTO GLOBAL

ODS

DEBILIDADES

SOMOS

Entidades medianas e pequenas: febles
Coordinadora dependente economicamente da Administración
Pouca influencia política nos organismos públicos
Pouca autoridade recoñecida nos medios
Non somos referentes para debates globais (centradas no noso nicho): Non somos apreciadas nin se nos ten tanto en conta como deberan.
Envellecidas e anticuadas: A xente nova non ve nas ONGDs un referente para canalizar as súas inquedanzas. Descenden as doazóns periódicas.

FACEMOS

EPCG: só centros de ensino e pouca innovación pedagóxica
Falta interrelación entre EPCG e Cooperación
Axuda humanitaria: pouca capacidade e especialización
Baseámonos nun modelo forxado hai 20 anos: difícil cambiar

ALIANZAS

Pouco vínculo con outros movementos sociais
Faltan alianzas con outras plataformas ou movementos especializados
O intercambio con outras ONGDs só é económico ou técnico
Necesario reforzar fondos privados (RSC, etc.)

PARTICIPACIÓN

Organizacións que non forman parte da Coordinadora
Falta sentido de pertenza á coordinadora
As decisións non sempre son operativas, son lentas
Voces sen escoitar (de organizacións membro)
Ás veces é difícil conciliar: técnicas e voluntarias
Dificultade para mobilizar ás nosas bases sociais e á cidadanía en xeral: descoñécese o papel da cooperación internacional e non se ve a súa necesidade
Dificultade para enganchar voluntariado

FORTALEZAS

SOMOS

Sector moi diverso: posibles sinerxías
Con base social activa no debate social
Descentralizadas

CAPACIDADES

Experiencia acumulada de moitos anos
Profesionalidade, visión estratéxica e planificación
Moi boa valoración polas entidades socias
Credibilidade desde a Administración
Capacidade de traballo en rede
En emerxencia humanitaria, as ONGDs ás veces son imprescindibles (prestixio social)
Contrapartes moi preparadas, proxectos solventes.

COORDINADORA IMPRESCINDIBLE EN

Incidencia e interlocución coas Administracións: mediación e canle de información.
Apoio técnico ás organizacións, sobre todo ás pequenas: información, asesoramento, claves...
Visibilizar o sector en Galicia: máis caso por parte dos medios, incidencia social.
Promover a cooperación en rede entre as organizacións: en Galicia estamos superando lóxicas competitivas grazas á coordinadora.
Formación.
Sentimento de rede, de non estar soas.

NOVOS RETOS DAS ORGANIZACIÓNS

INSTAURAR UNHA CULTURA DE COIDADOS

Modelo organizativo, acosado pola precarización do sector e as condicións que nos poñen as financiadoras. Precarización e un xeito de traballar que vai en contra dos nosos propios valores. Precisamos estabilidade e mellores condicións laborais

MENOR DEPENDENCIA DAS AAPP

Non imos ser totalmente independentes, pero é importante buscar ter máis liberdade de criterio e de actuación

ESTABILIDADE

Os fondos públicos non teñen estabilidade: non hai garantía a medio e longo prazo

VOLUNTARIADO NOVO E COMPROMETIDO

Custa atopar voluntariado que teña un compromiso no tempo

COMUNICACIÓN

Non centrar os recursos de comunicación en buscar doazóns. Cumprir o noso papel de achegar a realidade doutros países

RESPOSTA A UNHA CRISE PROFUNDA

Cambio global que acentúa as necesidades
As migracións están pegadas á nosa acción
Seguridade para as persoas que están en terreo

DIXITALIZARNOS

Para ser máis eficientes e máis áxiles

RECURSOS CLAVE

- Canles de comunicación coa cidadanía
- Equipos estables, con medios e tempos de calidade
- Ritmos das financiadoras acompañados cos ritmos dos proxectos e persoas
- Relevancia, autoridade como sector, recoñecemento, influencia
- Redes: compartir recursos, favorecer a especialización, alixeirar traballo

